



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DA ACCIÓN DE INVESTIGACIÓN “INDUCCIÓN DA FIXACIÓN E METAMORFOSE EN AMEIXA FINA, BABOSA E XAPONESA”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 28 de xullo de 2016 ata o 31 de decembro de 2018

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización da acción de investigación: “Indución da fixación e a metamorfose na ameixa fina, babosa e xaponesa”.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que o Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) dependente da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar) exerce as funcións relativas á actividade investigadora e, particularmente as referidas ás áreas de procesos oceanográficos costeiros, recursos mariños, acuicultura e patoloxía segundo o disposto no Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Mar.

Que a Universidade de Santiago como institución de servizo público, está aberta á sociedade e ten, entre outros, como fins prioritarios, fomentar a investigación e difundir a cultura no seo da sociedade. Para o mellor cumprimento dos seus fins, a USC manterá relacións con centros de investigacións e con institucións culturais e sociais, e impulsará a celebración de convenios de





investigación con entidades e organismos públicos e privados, así como de contratos para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico.

Que o CIMA presentou á convocatoria restrinxida de accións de investigación sobre recursos mariños, recollida na Resolución do 20 de xaneiro de 2016 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, a acción titulada “Indución da fixación e a metamorfose na ameixa fina, babosa e xaponesa”, de 3 anos de duración (2016-2018), no que se recollía a colaboración do departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular da USC para a realización de determinadas tarefas dentro da acción de investigación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2016

